



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de outubro de 2022 (1304/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de outubro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(872).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 6 de outubro de 2022 e extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(873).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR". EXPTE. 1062/441.

Visto o informe de fiscalización do 14/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Contratación por procedemento aberto das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE DA ESTRADA CLARA CAMPOAMOR", redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil, D. Diego Conde Rodríguez

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 5 de abril de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATROCENTOS SESENTA E TRES MIL EUROS (463.000,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 80.355,37 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.68 (Seguridade e paviment. C.Campoamor) provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	463.000,00 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 22 de setembro de 2022 polo que, ao abeiro do disposto no artigo 62.2. do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, entende retirada inxustificadamente a oferta presentada por NAROM, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor” (1.062-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	90,74
2	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL	84,90
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	51,39
4	CIVIS GLOBAL, S.L.U	37,16

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., o día 23 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña

presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 19 de agosto de 2022 e 19 de setembro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da resolución adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), do 22 de setembro de 2022, pola que se exclúe a NAROM S.L. por superar coa súa oferta o valor establecido de presunción de temeridade e non presentar xustificación algunha sobre a devandita condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Adxudicar a ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora pavimentación e seguridade da estrada Clara Campoamor" (1.062-441) por un prezo total de 423.182,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 73.444,81 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(874).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS (VERBUM E CASA DAS ARTES). EXPTE. 3173/341.

Visto o informe de fiscalización do 14/10/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341)



Concello de Vigo

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado, de subministración de gasoleo tipo “C” para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á Rede de Museos Municipais , concretamente no Verbum (Avenida de Samil, 17) e na Casa das Artes (Rúa Policarpo Sanz, 15).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 15 de xullo de 2022, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 27 de xullo de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 56.255,40 € IVE engadido (cincoenta e seis mil douscentos cincoenta e cinco euros con corenta céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3330.221.03.00 “Combustibles” do orzamento municipal, según o seguinte:

- Anualidade 2022 (1 de novembro ao 31 de decembro): 14.063,85 €

- Aualidade 2023 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 28.127,70 €

- Anualidade 2024 (1 de xaneiro ao 31 de outubro): 14.063,85 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341) na seguinte orde descendente:

Clasificación	Licitador	Desconto
1º	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,35 %

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B36736049), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
2. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 3 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 de outubro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de outubro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 29 de setembro de 2022 polo que se acorda clasificar en primeiro lugar a este licitador ao abeiro do criterio 7B das FEC do PCAP ("*as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR)*").

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B36736049) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341) por un prezo total de 56.255,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.763,20 euros, coa seguinte condición:

- a) *Propón un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,35 %.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(875).- CORRECCIÓN DE ERRO NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 88268/250.

Dáse conta do informe-proposta de data 18/10/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (PA da xefa de Contratación), a concelleira-delegada de Área e conformado pola xefa de Asesoramento e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do **SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS.**

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 27 de xullo de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de agosto de 2022.

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA EUROS CON NOVENTA E NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (59.670,94 €)** , sendo a partida correspondente ao IVE de 10.356,12 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.208 00 00 "Arrendamento medios auxiliares e materiais".

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	4.972,58 €
2023	29.835,47 €
2024	24.862,89 €
Total	59.670,94 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

II.- Aprobado o expediente detectouse un erro material no prego de cláusulas administrativas particulares ao incluírse o clausulado xeral e as FEC correspondentes aos procedementos abertos sendo que é o presente expediente, tal e como estaba especificado nas FEC do PCAP aprobado e na súa memoria xustificativa, un procedemento aberto simplificado.

O anterior ten como consecuencias máis relevantes, entre outras, que non se establecera a obriga, para aos licitadores, de estar inscritos nun rexistro oficial de licitadores, tal é como establece a LCSP no seu artigo 159.4.a) para o procedemento aberto simplificado, así como a configuración de dous sobres para a presentación da documentación administrativa e a proposta económica, cando no procedemento aberto simplificado, ao non existir criterios suxeitos a xuízo de valor, como ocorre no presente caso, o artigo 159.4.d) LCSP establece que as ofertas se presentarán nun único sobre.

Asemade, e en relación as actuacións da Mesa de Contratación, destacar que, no caso do procedemento aberto, á hora de clasificar as ofertas admitidas, a Mesa será a propoñente ao órgano de contratación da devandita clasificación, mentres que no procedemento aberto simplificado é a propia Mesa de Contratación a que acorda a clasificación (artigo 159.4.f) LCSP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos



Concello de Vigo

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

Pola súa parte, a lexislación de contratos do sector público autoriza a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares con posterioridade a súa aprobación polo órgano de contratación nos casos de erro material, de feito ou aritmético (artigo 122.1 LCSP).

No caso que nos ocupa detectouse un erro de carácter material ao incluírse o clausulado xeral e as FEC correspondentes aos procedementos abertos, sendo que é o presente expediente, tal e como estaba especificado nas FEC do PCAP aprobado e na súa memoria xustificativa, un procedemento aberto simplificado.

-II-

Da natureza do erro e non procedencia da aplicación do artigo 136.2 LCSP

No caso que nos ocupa o erro detectado no clausulado xeral e nas FEC do procedemento que nos ocupa ten a consideración de erro material por ser un erro no que concurren as seguintes circunstancias establecidas polo Tribunal Supremo en múltiples sentencias (STS 18 de xuño de 2001 (recurso de casación núm. 2947/1993); STS de 5 de novembro de 2002 (recurso de casación núm. 2225/1998); STS 15 de decembro de 2003 (recurso de casación núm. 3804/2001), entre outras), "a) que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos; b) que o erro se aprecie atendendo exclusivamente aos datos do expediente administrativo no que se advirte; c) que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables; d) que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos; e) que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica); f) que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión."

A cualificación do erro como "material" permite, en consecuencia, a corrección do prego en base ao disposto no artigo 122.1 LCSP.

Por isto procedeuse a redacción dun novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares rectificado asinado pola Técnica de Administración Xeral por ausencia da Xefa do Servizo de Contratación en data 17 de outubro de 2022 .

Por outra banda, non procede a aplicación do artigo 136.2 LCSP referido establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos: cando por calquera razón os servizos dependentes do

órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ó previsto no artigo 138 da LCSP; e, no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

Tendo en conta que a detección do erro produciuse con anterioridade á publicación do anuncio de licitación e, polo tanto, non se iniciou o correspondente prazo de presentación de ofertas, non procede a aplicación do devandito artigo.

-III-

Competencia

Fundamentada a natureza material do erro, a competencia para aprobar a corrección de erros e o novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares rectificado correspóndelle á Xunta de Goberno Local na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte resolución:

“Aprobar o novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares rectificado asinado pola Técnica de Administración Xeral por ausencia da Xefa do Servizo de Contratación en data 17 de outubro de 2022 para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(876).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE FERRAXERÍA, FONTANERÍA, FECHADURAS, FERRAMENTAS, PEQUENAS MÁQUINAS E SIMILARES. EXPTE. 11475/612.

Visto o informe xurídico do 11/10/2022 e o informe de fiscalización de data 13/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 27/09/2022 asinado polo director de Réxime Interior de VigoZoo, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, a concelleira de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda.

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do subministro de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así



Concello de Vigo

como tratarse de subministro de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito subministro.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas dos elementos que se necesitan para a reparación das diferentes avarías que se produzan nas instalacións da Concellería. O contido do contrato supoñe unha ampla variedade de produtos de ferretería.

Como consecuencia do anterior, con data de 21 de marzo de 2022, a Concelleira de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do subministro de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 21/03/22 e pola Concelleira de Medio Ambiente coa mesma data.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable para o inicio do expediente do 21 de marzo de 2022.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable de 06/07/2022.
4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 19/09/2022 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o mesmo día.
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 19/09/2022.
6. Trámite de audiencia á empresa INTO GALICIA CONSULTING SL.
7. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral-Contratación o 27/09/22, sobre a comprobación documental do expediente.
8. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación o 27/09/22.

2.- **Condicións definatorios do contrato:**

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na adquisición de subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (52.994,96 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (9.197,47 €) e o valor estimado (87.594,98 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído) coa posibilidade dunha prorroga de dous anos de duración.

- VIGOZOO (337.1. 221.99.01)

	Importe	IVE	Total
2022	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €
2023	9.917,36 €	2.082,64 €	12.000,00 €
2024	4.958,68 €	1.041,32 €	6.000,00 €

- MEDIO AMBIENTE (172.1.221.99.00 "Outras subministracións": 8.500,00 €)

	Importe	IVE	Total
2022	3.512,40 €	737,60 €	4.250,00 €
2023	7.024,79 €	1.475,21 €	8.500,00 €
2024	3.512,40 €	737,60 €	4.250,00 €

- LABORATORIO (311.0.221.99.00 "Outras subministracións")

	Importe	IVE	Total
2022	2.478,30 €	520,44 €	2.998,74 €
2023	4.956,60 €	1.040,88 €	5.997,48 €
2024	2.478,30 €	520,44 €	2.998,74 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos nas aplicacións orzamentarias indicadas no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato



Concello de Vigo

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos términos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Este subministro nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos, establecéndose unha prórroga de dous anos de duración, en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

Co fin de axilizar a tramitación dos pagamentos, antes da emisión da factura, o adxudicatario emitirá unha pro-forma da factura, para o seu cotexo. Unha vez validada a pro-forma, emitirase unha factura mensual, por meses vencidos, polo importe dos subministros efectivamente realizados tendo en conta as seguintes indicacións:

- a) A factura, ademais de adecuarse a todos os requisitos legais para este tipo de documentos, detallará, como mínimo, os produtos facturados identificados polo código e descrición asignados no modelo de pedido, prezo unitario e número de unidades facturadas e centro de entrega.
- b) Como documentación adicional, achegaranse o pedido e os albarás correspondentes aos subministros facturados, asinados e/ou selados polo centro.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior VigoZoo.

j) Seguro

Non se especifica.

3.- **Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 07/03/22, explícanse e motivan o criterio elixido e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dun criterio:

1.- Baixa proporcional única a aplicar aos prezos unitarios recollidos no Anexo I do PPT: as ofertas ordenaranse por orde decrecente de maior a menor porcentaxe de baixa, resultando adxudicatario o licitador que formule a maior porcentaxe de baixa

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente. (exp.11475-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 19/09/22 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación con data 27/09/22.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 52.994,96 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (9.197,47 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.99.01, 172.1.221.99.00 e 311.0.221.99.00.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(877).- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN DE OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO ANO 2022. EXPTE. 10583/320.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/10/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 5 de maio de 2022, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para a ano 2022.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 93 do 16 de maio de 2022, así como, na páxina web do Concello de Vigo, promovéndose a concorrncia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (23 de maio de 2022).

Durante este prazo (de 24 de maio ao 13 de xuño de 2022), achegaron un total de corenta e catro solicitudes (44). Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas pola Comisión de Valoración e, de conformidade coa Base 11 da norma reguladora da subvención, formúlase a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento. En dita proposta, inclúese entre outros apartados, os seguintes: .

[...] “Unha vez eliminadas da relación as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

TÁBOA 5 : ENTIDADES BENEFICIARIAS

	N.º EXPTE	DATA RE-XISTRO	ENTIDADE
1	10690-320	26.05.2022	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA
2	10695-320	31.05.2022	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION
3	10694-320	01.06.2022	ASOCIACION DE VECINOS SAN ROQUE
4	10716-320	02.06.2022	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA XESTAS
5	10724-320	06.06.2022	ASOCIACION VECINOS VAL DO FRAGOSO
6	10717-320	06.06.2022	ASOC VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA DE SAN MIGUEL DE OIA
7	10732-320	07.06.2022	ASOCIACION FOLCLORICA CULTURAL E VECIÑAL ANDARE-LA
8	10729-320	07.06.2022	ASOC DE VECINOS DE EL CALVARIO
9	10728-320	08.06.2022	CENTRO CULTURAL VECIÑAL E DEPORTIVO VIGO CENTRO
10	10733-320	08.06.2022	ASOC DE VECINOS DE COIA CAMIÑO VELLO
11	10738-320	08.06.2022	CENTRO RECREATIVO Y CULTURAL DE CABRAL VIGO
12	10737-320	08.06.2022	A.V.C.D. "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS
13	10739-320	08.06.2022	ASOCIACION DE VECIÑOS DA TRAVESIA DE VIGO E ARRA-

	N.º EXPTE	DATA RE-XISTRO	ENTIDADE
			BALDOS AS NOSAS RUAS
14	10731-320	09.06.2022	ASOCIACION DE VECIOS DE PARADA-MACEIRIÑA RÚAS E FONTES
15	10713-320	09.06.2022	ASOC VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMANS
16	10744-320	09.06.2022	ASOCIACION VECIÑAL DE CONSUMIDORES USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO
17	10743-320	09.06.2022	ASOCIACION VECIÑAL DOUTOR FLEMING
18	10736-320	09.06.2022	ASOCIACION DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL
19	10742-320	09.06.2022	ASOC DE VECIÑOS O TORREIRO DE COIA
20	10741-320	10.06.2022	ASOC DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA
21	10734-320	10.06.2022	ASOCIACION COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO
22	10735-320	10.06.2022	ASOC DE VECINOS DE LA SALGUEIRA ROSALIA DE CASTRO DE VIGO
23	10740-320	10.06.2022	SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA
24	10756-320	10.06.2022	AGRUPACION DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO
25	10755-320	10.06.2022	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLLO
26	10754-320	10.06.2022	ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL
27	10753-320	10.06.2022	ASOC VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA
28	10752-320	11.06.2022	ASOC VECINAL CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVADORES
29	10750-320	11.06.2022	SAMPAIO ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL DEPORTIVA
30	10749-320	12.06.2022	AVCU CSCR DE BEADE
31	10747-320	12.06.2022	UNION VECIÑAL CULTURA E DEPORTIVA DE CANDEAN
32	10746-320	12.06.2022	ASOCIACION SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS
33	10757-320	12.06.2022	ASOCIACIÓN AS FONTES DE LAVADORES
34	10758-320	13.06.2022	ASOCIACION VECIÑAL NOVO VIGO
35	10759-320	13.06.2022	CENTRO RECREATIVO ARTISTICO E CULTURAL DE CORUXO



Concello de Vigo

	N.º EXPTE	DATA RE-XISTRO	ENTIDADE
36	10762-320	13.06.2022	ASOCIACION VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES
37	10772-320	13.06.2022	ASOCIACION VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO
38	10765-320	13.06.2022	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES
39	10763-320	13.06.2022	ASOCIACION VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS
40	10766-320	13.06.2022	ASOCIACION VECIÑAL NOSA TERRA DE ALCABRE

II.- Con data 6/10/2022, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: CONCEDER, ás corenta (40) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “*Subvencións a entidades cidadás*”, cunha dotación de 242.190,00 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada “*Subvencións Capital Asociacións e Atrios*”, dotada con 174.650,00 €, unha subvención en concepto de “Gastos de mantemento” (Programa I), “Gastos de mantemento de entidades veciñais que carezan de locais municipais en réxime de cesión ou en outras condicións de uso gratuítas” (Programa II), “Gastos en investimento: equipamento” (Programa III) e/ou “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” (Programa IV), correspondentes á “*Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2022*”, polo contía total que se reflicte a seguir:

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Gastos de Persoal.	50	4.220,00 €	4.220,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, mobiliario oficina e similares, material actividades.	41	1.100,00 €	878,23 €	0	0	0,00 €	0,00 €	5.320,00 €	5.098,23 €
G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	87	24.387,15 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material audiovisual, material actividades.	70	5.637,74 €	3.981,24 €	0	0	0,00 €	0,00 €	30.024,89 €	9.981,24 €
G-36709004	A.V. Doutor Fleming	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID. Comunidade Proprietarios. Gastos de Persoal.	72	6.684,49 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, mobiliario oficina e similares, material actividades,	60	1.469,00 €	1.469,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	8.153,49 €	7.469,00 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación.	76	7.850,40 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Cadeiras	68	4.000,00 €	3.249,31 €	Gastos Obras A: Cambio de ventás 2º piso	84	15.699,75 €	10.649,58 €	27.550,15 €	19.898,89 €
G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Gastos de Persoal.	77	18.316,00 €	6.000,00 €	Gastos IBI: IBI	50	3.993,62 €	3.993,62 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	22.309,62 €	9.993,62 €
G-36644904	A.VV Rosalía de Castro da Salgueira	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Material Funxible.	68	8.048,40 €	4.909,52 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Obras A: Saneamento e pintado da fachada principal. Renovación de Rótulo. Reparación de Tellado	58	2.983,86 €	1.690,56 €	11.032,26 €	6.600,08 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	64	8.144,89 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	8.144,89 €	6.000,00 €
G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación.	73	11.188,31 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático.	52	894,19 €	894,19 €	Gastos Obras A: Melloras na instalación eléctrica (eficiencia enerxética)	60	3.100,05 €	2.092,41 €	15.182,55 €	8.986,60 €
G-36842284	A.V.V. Da Miñooca	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	73	5.287,85 €	5.287,85 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual, mobiliario oficina e similares, material actividades.	70	4.415,65 €	3.609,38 €	0	0	0,00 €	0,00 €	9.703,50 €	8.897,23 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS		
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.	
G-36648103	A.V.C.D. Sampaio	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Avarías e Conservación.	56	4.992,00 €	4.992,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Estores planta baixa	45	615,65 €	615,65 €	0	0	0,00 €	0,00 €	5.607,65 €	5.607,65 €	
G-36645885	A.VV Casco Vello	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Material Funxible. Avarías e Conservación.	86	11.263,59 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €		0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	11.263,59 €	6.000,00 €
G-36640860	A.V. C.U. "Val do Fragoso"	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros, Material Funxible, Avarías e conservación, gastos persoal	69	9.093,17 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Mobiliario oficina e similares, material actividades.	65	4.523,19 €	3.415,11 €	Gastos Obras A: Pintura e aislamiento paredes	67	5.407,26 €	3.479,06 €	19.023,62 €	12.894,17 €	
G-36648293	A.V. Do Calvario	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible.	75	6.616,70 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €		0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Obras A: Aislamento acústico	71	7.843,50 €	4.944,75 €	14.460,20 €	10.944,75 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-36632081	A.V.C.V-C.S.C.R de Beade	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión CO-VID. Gastos de Persoal.	90	34.890,00 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, mobiliario oficina e similares, material actividades, material Covid. Rooba 13+, Lavalouza	68	3.271,40 €	2.798,90 €	Gastos Obras A: Substitución de carpintería exterior na planta primeira	88	15.282,38 €	10.889,59 €	53.443,78 €	19.688,49 €
G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saians	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e conservación. Inversión Covid, Gastos de Persoal.	64	6.817,00 €	6.000,00 €	Gastos IBI: IBI	41	1.468,87 €	1.468,87 €	Gastos Equipamento: Mobiliario oficina e similares, material actividades.	54	2.363,00 €	1.776,71 €	Gastos Obras A: Dotación AQS e ducha na aula de manualidades	51	2.057,52 €	1.405,79 €	12.706,39 €	10.651,38 €
G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación.	71	4.019,13 €	4.019,13 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Mobiliario oficina e similares.	65	1.798,30 €	1.798,30 €	0	0	0,00 €	0,00 €	5.817,43 €	5.817,43 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-36659894	A.V. De San Roque	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Investimento COVID. Cota comunidade propietarios	68	7.391,19 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, material actividades.	51	340,38 €	340,38 €	Gastos Obras A: Pintar local social	46	1.770,37 €	1.171,90 €	9.501,94 €	7.512,28 €
G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e conservación. Gastos de Persoal	81	17.430,56 €	6.000,00 €	Gastos IBI: IBI	59	4.163,97 €	4.000,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, material actividades.	71	7.233,27 €	4.038,11 €	Gastos Obras A: Impermeabilización de terrazas	49	384,78 €	307,82 €	29.212,58 €	14.345,94 €
G-36640985	A.V. "As Nosas Rúas"	Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e conservación. Comunidade. Seguridade Social	73	12.522,03 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	12.522,03 €	6.000,00 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible. Avarías e Conservación.	58	3.982,97 €	3.982,97 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material audiovisual, mobiliario oficina e similares, material actividades.	49	904,96 €	904,96 €	0	0	0,00 €	0,00 €	4.887,93 €	4.887,93 €
G-36648608	A.V.Emilio Crespo de Navia	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. Gastos Persoal.	79	10.992,06 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material audiovisual, mobiliario oficina e similares, material actividades.	66	2.976,01 €	2.539,34 €	Gastos Obras A: Rehabilitación de Fachada. Reparación de cerramentos con carpintería de aluminio	82	14.934,79 €	9.939,83 €	28.902,86 €	18.479,17 €
G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	60	7.465,50 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €		0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	7.465,50 €	6.000,00 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-36972024	Asociación Colectiva Veciñal Curva de San Gregorio	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Material Funxible. Asesoría – PXOM	45	1.562,78 €	1.562,78 €	Gastos de alugamento do local social	42	2.325,60 €	2.325,60 €	Gastos Equipamento: Mobiliario oficina e similares, material actividades.	42	834,39 €	798,24 €	0	0	0,00 €	0,00 €	4.722,77 €	4.686,62 €
G-27771195	Asociación de veciños de Novo Vigo	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible.	61	5.445,56 €	5.445,56 €	Gastos de alugamento do local social	57	6.189,15 €	4.000,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual, mobiliario oficina e similares, desfibrilador	55	3.363,98 €	2.310,11 €	0	0	0,00 €	0,00 €	14.998,69 €	11.755,67 €
G-36684991	AVV. As Fontes	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Taxas, Material Funxible, Avarías e Conservación. Servizos Bancarios	48	5.831,24 €	5.831,24 €	Gastos IBI: IBI	38	1.512,39 €	1.512,39 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Obras A: Pintura, reparación, limpeza de cuberta, ventás.	59	18.035,05 €	8.482,12 €	25.378,68 €	15.825,75 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-27749217	A.VV. O Torreiro de Coia	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible.	44	1.988,33 €	1.988,33 €	Gastos de alugamento do local social	42	3.575,00 €	3.575,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	5.563,33 €	5.563,33 €
G-36633428	S.C.D.R Helios-Bembrive	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	84	17.961,80 €	6.000,00 €		0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual, mobiliario oficina e similares, regleta.	68	4.731,43 €	3.701,46 €	0	0	0,00 €	0,00 €	22.693,23 €	9.701,46 €
G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Material Funxible.	84	24.655,00 €	6.000,00 €	Gastos IBI: IBI	58	4.587,70 €	4.000,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual.	65	4.040,00 €	3.129,59 €	Gastos Obras A: Reforma da instalación eléctrica no local social	73	8.176,59 €	5.260,88 €	41.459,29 €	18.390,47 €
G-36628543	A.C.D.-Xestas	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación.	64	7.509,00 €	6.000,00 €	Gastos IBI: IBI	40	1.379,00 €	1.379,00 €	Gastos Equipamento: Bomba agua pozo con cadro eléctrico Cadro eléctrico xeral Letreiro e placa	53	3.210,00 €	2.151,91 €	Gastos Obras A: Pintado muros interiores, terrazas e parques. Colocación de falsos teitos.	58	5.328,00 €	2.978,08 €	17.426,00 €	12.508,99 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
V-36658680	C.C.R.de Cabral	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible.	83	15.946,14 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material actividades (estores, calentador, mamparas/espellos)	67	3.961,67 €	3.178,18 €	Gastos Obras A: Reparación da fachada. Reparación fendas formadas nos dinteles	66	4.102,28 €	2.800,74 €	24.010,09 €	11.978,92 €
G-36617082	C.C.R. De Valladares	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais.	79	6.200,00 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, armario frigorífico, lavalouzas	79	6.296,30 €	4.493,11 €	Gastos Obras A: Pintado de paredes e pasamáns escaleiras exteriores	87	18.830,13 €	12.959,90 €	31.326,43 €	23.453,01 €
G-36654184	AVSCD. O Freixo	Gastos Mantemento: Subministradores. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e conservación. Inversión Covid	60	7.921,99 €	6.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual, mobiliario oficina e similares, material actividades, outros (escaleira, cable, material decoración)	53	3.855,32 €	605,28 €	Gastos Obras A: Acondicionamento dos vestiarios	61	8.460,86 €	4.522,19 €	20.238,17 €	11.127,47 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS	
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.
G-36791291	Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. Gastos de Persoal.	55	4.712,67 €	4.712,67 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material informático, mobiliario oficina e similares.	53	2.200,00 €	1.665,28 €	Gastos Obras A: Cambio de tarima no local social	51	4.356,00 €	2.257,95 €	11.268,67 €	8.635,89 €
G-36655942	A.VV Rúas e Fontes-Parada	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais, Seguros.	54	5.150,00 €	5.150,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	Gastos Equipamento: Material audiovisual, mobiliario oficina e similares.	46	1.899,00 €	1.319,46 €	Gastos Obras A: Adquisición de lonetas e placas de aislamiento acústico. Montaxe e desmontaxe de materiais e andamios	62	8.778,00 €	4.739,33 €	15.827,00 €	11.208,79 €
G-36627495	C.R.A.C.-Coruxo	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. Inversión COVID.	78	12.833,00 €	6.000,00 €	Gastos IBI: IBI	55	2.126,53 €	2.126,53 €	Gastos Equipamento: Material informático, mobiliario oficina e similares, material actividades.	51	1.200,00 €	1.138,80 €	Gastos Obras A: Reparación e renovación do cadro eléctrico e cambio da acometida eléctrica.	68	5.303,10 €	3.479,48 €	21.462,63 €	12.744,80 €

CIF	ASOC.	MANTEMENTO				IBI / ALUGAMENTO				EQUIPAMENTO				OBRA				TOTAIS		
		PROX.	P	Orz. Prog I	SUBV I	PROX.	P	Orz. Prog II	SUBV II	PROX.	P	Orz. Prog III	SUBV III	PROX.	P	Orz. Prog IV	SUBV IV	TOTAL ORZ.	TOTAL SUBV.	
G-36698686	Asociación Folclórica, Cultural, Veciñal Andarela	Gastos Mantemento: Subministrados. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible.	48	1.810,56 €	1.810,56 €	Gastos de alugamento do local social	49	4.080,00 €	4.000,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	0	0	0,00 €	0,00 €	5.890,56 €	5.810,56 €	
					208.767,72 €				32.381,01 €				89.658,34 €	64.548,54 €			181.579,31 €	110.101,46 €	685.204,39 €	415.798,73 €

III.- Dende o servizo de Participación Cidadá, apreciouse un erro material na redacción do punto primeiro do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local, xa que na táboa onde se relacionan os datos das entidades beneficiarias, unicamente se incluíron 36 das 40 entidades para as que se propoñía o outorgamento de ditas subvencións, concretamente faltan as seguintes:

	N.º EXPTE	ENTIDADE
1	10690-320	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA
2	10737-320	A.V.C.D. "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS
3	10736-320	ASOCIACION DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL
4	10747-320	UNION VECIÑAL CULTURA E DEPORTIVA DE CANDEAN

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que , as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, polo que, débese rectificar a relación de entidades beneficiarias para incluír os datos das 4 entidades que erroneamente non se detallaron.

Polo anteriormente exposto e, tratándose dun erro material na relación de entidades beneficiarias que non implica variación respecto ao informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e previa a conformidade do Concelleiro de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Rectificar o erro material advertido no apartado primeiro do acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 6/10/2022 de xeito que, **se conceda** ás 4 entidades das que non se detallaron os seus datos no anterior acordo, as subvencións correspondentes á “Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2022”, pola contía total que se reflicte a seguir:



Concello de Vigo

SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA (10690-320)			
PROGRAMA	PUNTOS	ORZAMEN- TO	SUBVENCIÓN
Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. Investimento COVID.	64	4.855,11 €	4.855,11 €
Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual, mobiliario oficina e similares, material actividades.	57	1.863,41 €	1.616,54 €
Gastos Obras A: Cambio de portas. Armarios empotrados	62	4.652,48 €	2.879,09 €

A.V.C.D. "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS (10737-320)			
PROGRAMA	PUNTOS	ORZAMEN- TO	SUBVENCIÓN
Gastos Obras A: Renovación do tellado do Salón de Actos (1ª Fase)	69	21.513,60 €	10.278,54 €

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA FEIRA DE CABRAL (10736-320)			
PROGRAMA	PUNTOS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación.	64	6.023,34 €	6.000,00 €
Gastos Equipamento: Material audiovisual, mobiliario oficina e similares. Sistema de alarma.	61	3.647,39 €	2.719,28 €
Gastos Obras A: Reparación da sala de caldeiras e humidades	63	4.578,96 €	2.891,84 €

UNION VECIÑAL CULTURA E DEPORTIVA DE CANDEAN (10747-320)			
PROGRAMA	PUNTOS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN

Gastos Mantemento: Subministros. Servizos Xerais. Seguros. Taxas. Material Funxible. Avarías e Conservación. Investimento COVID. Gastos Persoal (o importe máximo dos gastos de persoal non debe superar ao 10% dos gastos directos)	79	16.555,00 €	6.000,00 €
Gastos Equipamento: Material informático, material audiovisual.	60	7.012,71 €	3.412,49 €

SEGUNDO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(878).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, Á ENTIDADE “SINSALAUDIO S.L.”, PARA O DESENVOLVEMENTO DO “FESTIVAL SINSAL OUTONO 2022”. EXPTE. 4582/330.

Visto o informe xurídico do 3/10/2022 e o informe de fiscalización de data 14/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 19/09/2022 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 14 de setembro do 2022, a entidade "Sinsalaudio S.L." presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do “Festival Sinsal Outono 2022”; por este motivo, con data 14 de setembro do 2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-



Concello de Vigo

A entidade **SINSALAUDIO S.L.** ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O evento desenvóléronse o 16 e 17 de setembro do 2022 no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo

ARTISTAS SINSAL OUTONO 2022

DULLMEA

Desde Portugal chega unha artista especializada en explorar as múltiples posibilidades que se abren para a voz a través da música electrónica. Graduada como violinista pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo, Sofía Fernandes conta con tres discos publicados desde 2016 cos que ten xirado por países como Holanda, Alemaña, Dinamarca ou Reino Unido. Nos seus directos propón unha suxerente inmersión no seu universo sonoro, minimalista e experimental, nos que improvisa sobre temas compostos por ela mesma. No Sinsal Outono presenta 'Orduak', o seu último traballo.

OTRO

Músico e produtor afincado en Valencia e autor dun dos discos máis brillantes de 2021: Portuaria. O seu proxecto musical abrangue un importante abano de estilos e sons, na procura do diálogo entre a experimentación e a convención, converténdoo nunha das figuras a ter en conta na escena emerxente da música electrónica. As súas incursións no rap e no pop, así como o deseño de son comercial, abren espazos para xerar unha tensión espontaneamente desenfreada que se converte no sinal de identidade de Otro.

EL HIJO

Proxecto musical do compositor e produtor Abel Hernández (Migala, Emak Bakia).

Desde o ano 2005 publica os seus primeiros traballos, producidos por Raül Refree, nos que se aproxima á canción de autor, con sonoridades acústicas e poesía de ton surreal.

Nos primeiros anos da seguinte década achégase inicialmente cara ao rock, mais vira o seu rumbo para investigar sobre as posibilidades da composición e produción propias da electrónica contemporánea, que dan pé ao seu son actual. Ben sexa a través do uso do autotune ou de recursos sonoros imposibles, El Hijo desafía os límites da produción dixital no panorama estatal.

LUÍS FERNANDES

A actividade artística de Luís Fernandes está marcada pola multiplicidade de enfoques e formatos, divididos en proxectos colectivos, colaboracións puntuais e traballos individuais; pola actividade performativa, compositiva e expositiva; e polo establecemento de relacións con diferentes disciplinas. Fundador da banda peixe:aviao e membro do colectivo La La La Ressonance, ten colaborado con artistas como Lloyd Cole, Rodrigo Leao ou Black Bombain. No seu novo disco, 'A guide to gettin lost', explora as posibilidades da electrónica como punto de partida para múltiples composicións.

A memoria económica que se achega, presentada pola EMPRESA, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 9.439,50 € (nove mil catrocentos trinta e nove con cincuenta euros) , financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 €
- Patrocinio Privado : 600 €
- Achega da empresa: 439,50 €
- Venda de entradas: 1400 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da empresa
- Estatutos de Constitución da Entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L.", para o desenvolvemento do Festival Sinsal Outono 2022, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño



Concello de Vigo

de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á entidade "Sinsal Audio S.L." deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L." ten como obxecto financiar o desenvolvemento do Festival Sinsal Outono 2022, figurando na aplicación **3340.470.00.02** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade "Sinsal Audio S.L." é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á entidade "Sinsal Audio S.L.", CIF. B36898369, para o financiamento do "Festival Sinsal Outono 2022" , organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 "SINSAL AUDIO.FESTIVAL SINSAL" , que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexen a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1.E de responsabilidade da Entidade :

- A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
- A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2.Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA Don Luis Campos Alonso, administrador da entidade

3.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa



Concello de Vigo

dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos a entidade interesada contratou unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:



Concello de Vigo

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados do 15 de novembro do 2021 ao 9 de novembro do 2022 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



Concello de Vigo

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal cas

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de

régime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(879).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXAS E PORRIÑO”. EXPTE. 5724/443.

Visto o informe de fiscalización de data 13/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 01/07/2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa Ingenia Proyectos técnicos SL.

II.- A empresa Ingenia Proyectos técnicos SL, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXAS E PORRIÑO”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a Trinidad Lopez Rodriguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS VINTE NOVE MIL NOVECENTOS VINTE UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (329.921,40 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 20 de setembro de 2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, coa mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar na Rúa , entre a confluencia da rúa Padre Seixas e a confluencia coa rúa Tui, vía de titularidade municipal. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Reparación das pataloxías do firme detectadas, mediante:
 - Fresado do pavimento bituminoso da calzada .
 - Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D en toda a actuación a excepción dos tramos que requiran maior intervención debido o deterioro estrutural do firme, así se proxecta actuación con renovación total do firme mediante emprego de capas granulares tipo Macadam, formigón bituminosos tipo AC22 BIN BC 50/70 S.



Concello de Vigo

- Adecuación dos sistemas de drenaxe.
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 6 e 10 de outubro de 2022 informe, indicando o seguinte:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei. efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DAS RÚAS PADRE SEIXAS E PORRIÑO”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, D^a Trinidad Lopez Rodriguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS VINTE NOVE MIL NOVECIENTOS VINTE UN EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS **(329.921,40 €)** e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(880).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “VIGO VERTICAL- HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN”. EXPTE. 5451/443.

Visto o informe de fiscalización de data 13/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/10/2022 asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 07.05.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “Vigo Vertical de mellora de accesibilidade peonil e humanización Avda Camelias - Hispanidade, tramo comprendido entre Romil (fronte a rúa Feliciano Rolán) e Hispanidade (fronte a rúa Amor Ruibal)” a favor da empresa favor da empresa Naos 04 Arquitectos S.L.P. (B70058573).

II.- A empresa Naos 04 Arquitectos S.L.P. presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “HUMANIZACIÓN DE LA AVDA. HISPANIDAD – TRAMO ENTRE CALLES AMOR RUIBAL Y FELICIANO ROLÁN ” , redactado polos Arquitectos María Monica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Santiago Gonzalez Garcia cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.271.209,69 EUROS)

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento e Servizos, en data 09.03.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 10.03.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenrólase na Avenida Hispanidade no tramo comprendido entre as rúas Feliciano Rolán e Ramon Rubial, así como nas escaleiras que comunican este vial coa rúa Romil e consisten nos traballos que se enumeran a continuación:



Concello de Vigo

- Demolerase o pavimento das beirarrúas e da calzada, escavarase a caixa co espesor correspondente a cada sección tipo e compactarase o fondo da escavación.
- Una vez efectuada a demolición escavaranse as gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxes a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 150 m, asentada sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas y elementos electrónicos de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento de fecais e nova instalación de rede de pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coa redes existentes. A continuación procederase a o recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm de espesor , para instalar as canalizacións dos servizos soterrados de alumeadado público e semaforización, rede de rego etc. segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na Avenida Hispanidade.
- Unha vez compactado o terreo procederase a colocación de encachado, con posterior base de pavimento de formigón en masa HM-25 de 15 cm., de espesor, posterior acabados de pavimentación segundo o uso previsto a base pavimentos de formigón armado coloreados, en zonas peonís, na capa de rodadura da calzada, previa compactación disporase de dúas capas de saburra compactada, rego bituminoso con datación de 0,5 kg/m², capa de mestura bituminosa AC22 de 7 cm., de espesor capa de rego bituminoso de semellantes características que o anterior, e capa de mestura bituminosa en quente AC16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm, en zona de rodadura, para delimitar as distintas zonas, colocaranse bordos de granito asentados sobre base de formigón.
- Paralelamente a reparación do vial, efectuarase a demolición da escaleira que comunican a Avenida Hispanidade coa rúa Romil, para poceder a escavación previo recalce do muro existente, necesarios para efectuar a cimentación que se sinala nos planos a base de zapatas de formigón armado, posterior estrutura mixta de formigón-metálica en formación de escaleiras de acceso, formación de caixa e cuberta para instalación de un ascensor para 13 persoas que salve o desnivel existente, así como elementos de formación de fachada da escaleira a base de paneis composite, e formación de cuberta invertida no seu conxunto.
- Urbanización da vía a base de luminarias, mobiliario urbano coa correspondente xardinería que masa vexetal e arbórea co correspondente sistema de rega automática, sinalización correspondente, elementos decorativos e proposta de recarga autónoma para vehículos

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (OITO) 8 meses.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, de data 07.07.2022, autorizando a instalación de un ascensor, por atoparse en terreos afectados por servidumes aeronáuticas establecidas para o aeroporto de Vigo, segundo Real Decreto 2278/1986, do 25 de setembro, polo que establecen as novas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 1986, con corrección de erros en BOE núm. 288, do 2 de decembro de 1986).

VI.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en datas 7 e 10 de outubro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

(...)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado. Tal como se recolle no anexo 4.9. Anexo de Normativa Sectorial, non é necesario autorización por parte doutras Administracións competentes dado o carácter municipal das vías e infraestruturas afectadas polas obras.

Por outra banda si nos atopamos na zona de servidume do Aeroporto de Vigo. Polo que se dispón de resolución con data 07-07-2022 na que AESA autoriza os traballos recollidos no presente proxecto. Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei".

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



Concello de Vigo

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“VIGO VERTICAL - HUMANIZACIÓN DA AVDA. HISPANIDADE, ENTRE AS RÚAS AMOR RUIBAL E FELICIANO ROLÁN”**, redactado polos Arquitectos Maria Monica Fernández Garrido, Paula Costoya Carro, Miguel Porras Gestido e Santiago Gonzalez Garcia, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS con SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.271.209,69 €) de data setembro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(881).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “PAVIMENTACIÓN DA RÚA NIGRÁN”. EXPTE. 5723/443.

Visto o informe de fiscalización de data 13/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14 de xullo de 2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RUA NIGRÁN”**, a favor da empresa Ingenia Proyectos Técnicos SL,

II.- A empresa Ingenia Proyectos Técnicos, SL, presenta proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RUA NIGRÁN”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Nuñez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (103.468,15 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestructuras, en data 20 de setembro de 2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, coa mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar na Rúa Nigrán, entre a confluencia da rúa Padre Seixas e a confluencia coa rúa Tui, vía de titularidade municipal. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

•

Reparación das pataloxías do firme detectadas, mediante:

- Fresado do pavimento bituminoso da calzada .
- Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D en toda a actuación

- Modificación paso peóns e drenaxes no mesmo.

- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOS) 2 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 6 e 10 de outubro de 2022 informe, indicando o seguinte:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei. *efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa



Concello de Vigo

concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RUA NIGRÁN”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª María Ferreiro Nuñez cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRES MIL CATROCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (103.468,15 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(882).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CALZADA DE AVDA. ATLÁNTIDA”. EXPTE. 5730/443.

Visto o informe de fiscalización de data 17/10/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 14/07/2022, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa Antea Iberolatam S.L.U.

II.- A empresa Antea Iberolatam S.L.U. trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de **“MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CALZADA DE AVD ATLÁNTIDA”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Marta Rodríguez Yanes, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (298.689,06 €) e firmado dixitalmente en Setembro do 2022.

III.- O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e Infraestruturas, en data 23 de setembro de 2022, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, coa mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar na Avda. da Atlántida, O tramo obxecto de actuación é de 930 m entre a confluencia da rúa Padre Seixas e a confluencia coa rúa Tui, vía de titularidade municipal. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Reparación das patoloxías do firme detectadas, mediante:
 - Fresado do pavimento bituminoso da calzada ata 12 cms de espesor.
 - Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D en toda a actuación en rodadura e capa intermedia de AC22 Bin BC 50/70 S.
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 6 e 10 de outubro de 2022 informe, indicando o seguinte:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.



Concello de Vigo

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de proxecto de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DE CALZADA DE AVD ATLÁNTIDA**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dª Marta Rodríguez Yanes, cun orzamento base de licitación máis **IVE de DOUSCENTOS NOVENTA E OITO MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (298.689,06 €)** e firmado dixitalmente en **Setembro do 2022**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(883).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA”. EXPTE. 1392/441.

Dáse conta do informe-proposta do 17/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que

rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 5 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA”**. O devandito informe indica o seguinte:

“ Na rúa Toledo e contorna, existen algúns treitos da rede de abastecemento con tubaxes antigas e que superaron a súa vida útil, polo que se presentan con certa frecuencia avarías, roturas e problemas no abastecemento de auga aos abonados.

Está situación débese corrixir para dar un servizo de boa calidade aos veciños e tamén para aumentar a eficiencia da rede de abastecemento de auga da cidade, á vista da recurrencia de episodios de seca que comprometen a garantía do recurso.

En base ao anterior, débese estudar a renovación da tubaxe de abastecemento da rúa Toledo no treito comprendido entre r/ Tomás Delmiro Martinez Silva e a intersección coa Avda. do Aeroporto, así coma a renovación da tubaxe de fibrocemento da rúa Cantabria dende a rúa Toledo ata o nº12.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 13 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA”**.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMIENTO NA RÚA TOLEDO E CONTORNA”**.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(884).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA XULIÁN ESTÉVEZ”. EXPTE. 1401/441.

Dáse conta do informe-proposta do 17/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 5 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “**RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA XULIÁN ESTÉVEZ**”. O devandito informe indica o seguinte:

“ A rúa Xulián Estévez atópase situada na parroquia de Teis. Esta vía conecta a Avenida de Guixar coa rotonda de Sanjurjo Badía.

Nos últimos tempos véñense producindo problemas no abastecemento de auga nesta rúa e na Avenida Guixar e son consecuencia das roturas que se producen no tramo da rede xeral que se atopa na rúa Xulián Estévez, principalmente unha tubaxe de fibrocemento de diámetro 150 mm. As tubaxes desta rúa superaron a súa vida útil polo que resulta necesario estudar e valorar a súa

substitución, para evitar interrupcións do servizo, danos en bens públicos e propiedades dos veciños, así coma perdas de auga non rexistradas.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA XULIÁN ESTÉVEZ” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 13 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA XULIÁN ESTÉVEZ**

VI.- O proxecto a redactar debера adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DO ABASTECIMENTO NA RÚA XULIÁN ESTÉVEZ”**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(885).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA DO ENCIÑO E NA RÚA DO FREIXO”. EXPTE. 1402/441.

Dáse conta do informe-proposta do 17/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.



No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercerá o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 10 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA DO ENCIÑO E NA RÚA DO FREIXO”**. O devandito informe indica o seguinte:

“A rúa do Enciño e rúa do Freixo son dúas vías paralelas de ámbito principalmente residencial. Atópanse na parroquia de Sárdoma, na proximidade á zona da Praza de España, Avenida da Gran Vía e da Avenida do Alcalde Gregorio Espino.

A rede de abastecemento municipal da rúa do Enciño e da rúa do Freixo está formada por canalizacións de fibrocemento e fundición gris en diámetros de 50 – 60 mm.

Estas tubaxes levan moitos anos en servizo e superaron a súa vida útil, polo que é necesario estudar e valorar a súa substitución, xa que ao estar en presión prodúcense con certa frecuencia roturas, fugas e problemas que se derivan en cortes de suministro e caídas de presión que non permiten garantir un servizo satisfactorio aos veciños da rúa do Enciño e da rúa do Freixo. Adicionalmente esas incidencias causan unhas perdas de recurso que se deben evitar.

Polo tanto e ante á situación existente, considérase que a renovación da rede de abastecemento na rúa do Enciño e rúa do Freixo é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 14 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“R RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA DO ENCIÑO E NA RÚA DO FREIXO”**

VI.- O proxecto a redactar deba adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA DO ENCIÑO E NA RÚA DO FREIXO”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(886).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA AV. CASTRELOS ENTRE OS Nº120 E Nº144”. EXPTE. 1425/441.

Dáse conta do informe-proposta do 17/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a



Concello de Vigo

encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 13 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA AV. CASTRELOS ENTRE OS Nº120 E Nº144”**. O devandito informe indica o seguinte:

“ A Avenida de Castrelos, entre os nº 120 e 144 está configurada coma un vial en “fondo de saco”. O abastecemento de auga realízase neste treito mediante unha tubaxe de fundición de 60 mm. que superou a súa vida útil. A antigüidade da tubaxe, unida á configuración da rúa, sen posibilidade de mallar co resto da rede de abastecemento a través da vía pública, incide na taxa de renovación da auga e imposibilita a prestación do servizo nunhas adecuadas condicións de regularidade, ocasionando molestias aos veciños.

Está situación débese corrixir para dar un servizo de boa calidade aos veciños e tamén para aumentar a eficiencia da rede de abastecemento de auga da cidade.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de **“RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA AV. CASTRELOS ENTRE OS Nº120 E Nº144”** é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 14 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **““RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA AV. CASTRELOS ENTRE OS Nº120 E Nº144””**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **““RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DA AV. CASTRELOS ENTRE OS Nº120 E Nº144””**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(887).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “MELLORAS

NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECIMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIO FRÍO”. Expte. 1426/441.

Dáse conta do informe-proposta do 17/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 13 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“MELLORAS NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECIMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO (REDONDELA)”**. O devandito informe indica o seguinte:

“ Os lugares de Cidadelle e Riofrío, pertencentes ao Concello de Redondela, reciben o abastecemento en alta aos seus depósitos reguladores dende unha derivación da tubaxe xeral que procede do encoro de Eiras, e xestionada polo servizo municipal de abastecemento e saneamento de Vigo.

Trátase dun ramal duns sete quilómetros que se corresponde co trazado da canle orixinal de Eiras, que parte dunha derivación á entrada do túnel da Madroa en S. Esteban de Negros, e discorre a media ladeira ata os citados depósitos. Esta conducción ovoide foi executada nos anos 70 do pasado século, polo que esta a finalizar a súa vida útil e debe ser substituída polos problemas que presenta de perdas de auga non rexistradas, así como en forma de roturas, provocando danos en bens a terceiros.

Por isto, considérase necesario a renovación da tubaxe dende o punto de derivación na canle xeral (á entrada do túnel da Madroa) ata os lugares de Cidadelle e Riofrío, así como establecer un novo punto de rexistro da auga subministrada con telelectura no punto de derivación, xa que actualmente o control de auga subministrada faise á entrada dos depósitos.



Concello de Vigo

Por todo o descrito anteriormente, e de cara a garantir a seguridade estrutural da canalización, mellorar a eficiencia do sistema de subministro en alta e minorar os volumes de auga non rexistrada, considérase que a actuación de “Melloras na canle de eiras para o abastecemento en alta aos lugares de Cidadelle e Riofrío (Redondela)” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.”

V.- A vista deste informe, con data 14 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“MELLORAS NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECIMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO (REDONDELA)”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“MELLORAS NA CANLE DE EIRAS PARA O ABASTECIMENTO EN ALTA AOS LUGARES DE CIDADELLE E RIOFRÍO (REDONDELA)”**

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(888).- ENCOMENDA Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE “EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”. EXPTE. 1403/441.

Dáse conta do informe-proposta do 17/10/2022 asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro.

No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 10 de outubro de 2022 o Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”**. ”. O devandito informe indica o seguinte:

“ A rede de abastecemento de Vigo duplicou a súa extensión nos últimos 30 anos, pasando dunha rede de 533 quilómetros no ano 1991 a máis de 1.000 quilómetros na actualidade. Isto fíxose co obxectivo de universalizar o acceso á rede de abastecemento, estendendo a infraestrutura nas parroquias rurais e zonas de baixa densidade de poboación.

Este crecemento, nalgúns casos fíxose cun trazado ramificado, de xeito que parte dunha conducción principal da que se derivan conducións secundarias e da cal á súa vez parten outras de menor diámetro, chegando a cada unha das zoas que se desexa abastecer.

Con esta configuración garántese o servizo á cidadanía en condicións de operación normal, pero ten o inconveniente de que en caso de avaría nunha conducción déixase sen servizo todos aqueles puntos augas abaixo da incidencia, coa conseguinte molestias aos veciños. Esta configuración tampouco resulta óptima para a taxa de renovación de auga.

Nos últimos anos acometéronse actuacións para o mallado das tubaxes en puntos nos que a rede de abastecemento presenta un trazado ramificado, con ocasión da renovación de redes incluída nos proxectos de humanización, e, singularmente, co expte 5439-440. Con isto se consegue pasar a un trazado reticulado, no que os ramais únense entre si e a auga pode chegar a un punto determinado por máis dun círculo mellorando as condicións do servizo fronte a calquera avaría, así como mellorando a taxa de renovación da auga, ao converter puntos finais da rede en puntos de paso, e mellorando as condicións de calidade do subministro.

Ao persistir zonas na rede con trazado ramificado, é necesario acometer novas actuacións de mallado da rede de abastecemento de Vigo, evitando deixar sen servizos aos cidadáns en caso de avaría e mellorando as condicións de calidade do subministro.

Por todo o anterior considérase que é unha actuación prioritaria que non debería demorarse. ”

V.- A vista deste informe, con data 14 de outubro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria



Concello de Vigo

Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **“EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”**. ”.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“EXTENSIÓN DO MALLADO DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO”**.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(889).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN POLO SISTEMA DE CONCERTO DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPARTO EN SOLO URBANO CONSOLIDADO AR I-01 BARRIO DO CURA. EXPTE. 5281/401.

Dáse conta do informe-proposta do 06/10/2022 asinado pola técnica de Admón. Xeral da oficina de Planeamento e Xestión, a xefa de Área de Desenvolvemento Urbanístico e polo xerente de Urbanismo, e sometido ao Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 11/10/2022, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES E FEITOS

Damos por reproducidos por mor da necesaria concisión e brevidade, e por non incorrer en repeticións innecesarias, o relato de feitos e a fundamentación xurídica contida no informe-proposta subscrito conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral da oficina de planeamento e xestión e a Xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, co conforme do xerente de Urbanismo do 29.04.2022, que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar o 12.05.2022 no que, entre outros pronunciamentos, acordou, na súa literalidade o que segue,

“(…) Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao proxecto de equidistribución nomeado “Proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da Área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura,” redactado polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez, (colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de

S.Ord. 20/10/2022

Galicia) con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura -formulado e inicialmente aprobado con data do 26.01.2022, pola propiedade única dos terreos -segundo certificación asinada, por D. David Ventoso Rañón en representación da entidade Barrio do Cura, SLU, na súa cualidade de administrador solidario-, para a execución xurídica e desenvolvemento do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, coa ordenación detallada que foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 23 de xullo de 2021, e publicada no DOG núm.160 do 20 de agosto de 2021, e normativa e ordenanzas no BOP núm. 217 do 11 de novembro de 2021, dunha superficie de 12.002,04 m².(…)”.

Segundo.- Proceder á notificación do presente acordo a todas as persoas interesadas no presente procedemento e, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade núm.5 dos de Vigo, por conta da propiedade única e nos termos indicados na lexislación estatal, previa certificación administrativa expedida por este Concello na que conste a aprobación definitiva do proxecto e demais circunstancias que se determinan no artigo 272 do RLSG.

As parcelas de resultado que non sexan de cesión obrigatoria quedarán gravadas e afectas, con carácter real, ao pagamento das cantidades que a cada unha correspondan na conta de liquidación provisional do proxecto polos gastos de urbanización do polígono e, no seu día, ao saldo definitivo da conta de liquidación definitiva que deberá ser comunicada no seu día pola promotora, co correspondente certificado acreditativo da súa aprobación, tendo esta afección -que se fará constar expresamente no dito rexistro da propiedade mediante nota marxinal- a mesma preferencia e duración ca normativamente establecida para a conta do procedemento reparcelatorio.

Con anterioridade á inscrición, a promotora do proxecto de equidistribución instará a actualización no Catastro da titularidade e configuración das parcelas, por mor do reparcelamento aprobado.

Terceiro.- Incorporar de xeito diferenciado, consonte con este instrumento de equidistribución as parcelas de resultado deste polígono único, de cesión gratuíta e obrigatoria ,que de seguido se relacionan, -en pleno dominio e completamente libres de cargas e gravames- ao patrimonio municipal do solo e inventario de bens con afectación aos usos previstos polo planeamento, sen contribución económica ou patrimonial ningunha deste Concello, correspondendo a cesión da parcela de resultado R2.2 á compensación do 10 % do aproveitamento lucrativo que corresponde a este Concello, por exceder do susceptible de apropiación privada e con obriga de destinar necesariamente ás restantes parcelas de resultado que de seguido se relacionan ás finalidades ou destinos establecidos na modificación puntual aprobada, así como na normativa urbanística e sectorial de aplicación:

- Parcela R2.2 – En compensación do 10% de aproveitamento non susceptible de apropiación, cunha superficie edificable de 514,32 m² de solo urbano, co uso característico residencial en vivenda colectiva acollida a algún réxime de protección pública.
- Parcela EQ-1, destinada a equipamento público, clase escolar, dotacional-Gardería, segundo a ordenanza de aplicación, de 1.009,68 m²
- Parcela EL-1, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 1.052,11 m²
- Parcela EL-2, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 2.118,35 m²



Concello de Vigo

- Parcela EL -3, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 728,82 m²
- Parcela VI-1, destinada a viario público, de 270,21 m²
- Parcela VI-2, destinada a sistema viario local e aparcamento público, de 951,23 m²,
- Parcela VI- 3, destinada a viario público, de 458,93 m²,

Cuarto.- Publicar anuncios do presente acordo, na páxina Web municipal, e na sede electrónica do Concello de Vigo, dun extracto no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e notificalo de xeito individualizado a todos os interesados no procedemento, co ofrecemento dos recursos que procedan consonte a dereito, con comunicación expresa á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Xerencia Territorial do Catastro, aos efectos que correspondan(..)”

O amentado acordo, que puña fin a vía administrativa, notificouse individualmente a todas as persoas interesadas no presente procedemento, con ofrecemento fronte ao mesmo, da posibilidade de interposición de recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes (1), ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, contados ambos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que se consideren convenientes, Asemade procedeuse a súa publicación en cumprimento do acordado no BOP núm. 102 do 30.05.2022 e na Web municipal.

Fronte ao devandito acordo, e dentro do prazo legal conferido ao dito efecto, con data do 28.06.2022 inseríase no rexistro de entrada do edificio administrativo en Vigo da Xunta de Galicia, un escrito asinado por Iría Díaz López, baixo o núm. 2022/1684956, polo que se interpuña recurso de reposición perante o referido acordo, solicitando a súa admisión, e que se proceda a anular a resolución impugnada polos motivos que nel se indican.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Normativa examinada e Valoración xurídica

- PXOU-93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993, no expediente nomeado de “Subsanación de deficiencias na adaptación do PXO-88 á Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia” (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993), coas súas modificacións puntuais,
- O RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG),
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,

- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público,
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, coas súas diversas modificacións,
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- A Lei 29/1998, do 3 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.- A lexitimación para interpoñer o recurso de reposición correspóndelle en materia de urbanismo aos que posúan a condición de interesado, en base ao sinalado no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, así como ao abeiro da acción pública regulada no RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana e, na disposición adicional cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en diante LSG, en consonancia cos límites que a dito respecto ven esixindo a xurisprudencia-

III.- O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición consonte co sinalado no artigo 124 LPACAP é de un (1) mes, dende a notificación ou dende a publicación do acordo aprobatorio.

Neste senso, tendo data de entrada o recurso de reposición no rexistro xeral do edificio en Vigo da Xunta de Galicia, con data do 28.06.2022, formulouse dentro do prazo positivizado pola normativa para a presentación do mesmo.

IV.- Do dito escrito, déuselle traslado á entidade Barrio do Cura, SL, (mediante oficio do xerente de urbanismo do 29.06.2022, not. Núm. 9199/2022) ; Á vista do seu contido, con data do 14.07.2022, David Ventoso Rañón en nome e en representación da entidade Barrio do Cura desenvolvemento SLU, presentou escrito nesta XMU, (Cod. Sol.- W732563-3727) polo que se opón ao referido recurso de reposición, do que se reproduce a continuación o seu contido íntegro, ao incorporarse ao presente expediente e servirle de motivación, consonte co disposto no artigo 88.6 da LPACAP, e cuxos fundamentos e motivos se fan propios, e se ratifican a través da presente:

“MOTIVOS.- Primero. Delimitación del objeto del recurso y de las pretensiones ejercitadas. La recurrente se opone al Proyecto de equidistribución aprobado definitivamente al considerar que se trata de un acto de aplicación de una disposición de carácter general, como es la



Concello de Vigo

Modificación Puntual del PGOU de Vigo de 1993, que incurre en una serie de causas de nulidad radical, a saber:

- (i) Fue aprobada, supuestamente, con la finalidad de incumplir las sentencias que anulaban el PGOM de Vigo de 2008 y el PERI del Barrio do Cura de 2014.*
- (ii) Infringe, a su juicio, la legislación urbanística -aunque no especifica los concretos preceptos legales que vulneraría dicha Modificación Puntual, al no reflejar la realidad física actual de la ciudad y no estar adaptado a la normativa sectorial vigente aplicable, supuestamente.*
- (iii) A su juicio, la Modificación Puntual delimita ex novo un ámbito no previsto en el PGOU de 1993, ignorando la ordenación del PEPRÍ Casco Vello.*
- (iv) Considera que la Modificación Puntual no diferencia las categorías legales del suelo urbano: consolidado y no consolidado.*
- (v) No justifica el cumplimiento de estándares para sistemas locales.*

Por último, indica que en modo alguno el instrumento de equidistribución podría afectarla, al ser propietaria de un inmueble situado sobre un suelo urbano consolidado.

A la vista de lo anterior, la recurrente solicita que se acuerde anular la resolución impugnada por incurrir en nulidad de pleno derecho, refiriéndose a la resolución de la Junta de Gobierno Local de fecha 12.05.2022 que prestó aprobación definitiva a la propuesta de equidistribución del polígono único del Área de Reporte AR I-01 Barrio do Cura.

Segundo. Falta de legitimación de la recurrente para la impugnación del Proyecto de equidistribución.

En primer lugar, debe precisarse que, tal y como expone en su recurso, D^a. Iría Díaz López es propietaria del inmueble con referencia catastral nº 2462052NG2726S0002BJ, sito en rúa Santa Marta, 10, en Vigo. Se reproduce, a continuación, una Ortofoto PNOA sobre la que figura superpuesta la cartografía catastral y está sombreada en color rojo la parcela de referencia:

De acuerdo con el Plano de clasificación y calificación nº O_01_01 de la Modificación Puntual del PGOU del Ayuntamiento de Vigo para la reordenación del ámbito del Barrio del Cura, los terrenos se encuentran clasificados como suelo urbano consolidado, Ordenanza BC-R02, de edificación en alineación de calle. Se identifica el inmueble en dicho plano en color amarillo y en un círculo en color rojo:

Por tanto, el inmueble propiedad de la recurrente se encuentra excluido del ámbito del Proyecto de equidistribución que, como no podía ser de otra forma, se refiere única y exclusivamente al suelo urbano no consolidado AR I-01 BARRIO DO CURA, que es la zona sombreada en gris oscuro de los planos de clasificación y calificación de la Modificación Puntual que se han unido en la siguiente imagen(..).

A la vista de lo anterior, la recurrente no acredita ningún interés que la legitime para impugnar el Proyecto de equidistribución pues no es propietaria ni titular de ningún derecho afectada por el expediente reparcelatorio.

Precisar que la recurrente tampoco se vería amparada por la acción pública urbanística

pues, en sede de impugnación de instrumentos de gestión urbanística, la jurisprudencia ha venido exigiendo -en consonancia con la finalidad estrictamente equidistributiva y no ordenadora de tales instrumentos- la existencia de un interés en el recurrente, entendido como la eventual afectación de su esfera jurídica.

A modo de ejemplo, cabe citar la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Islas Baleares de 14 de diciembre de 2016 (JUR 2017\12896), en la que se realizó un análisis del alcance de la acción pública para recurrir los acuerdos de aprobación de Proyectos de reparcelación, de la que cabe extraer la siguientes consideraciones:

Ya hemos dicho que la recurrente, pese a ser únicamente propietaria de parcela en el Polígono P9/PA (Costa d'Andratx), impugna también los acuerdos por los que se aprueban definitivamente los proyectos de reparcelación económica y fijación de cuotas de urbanización de otros polígonos del mismo municipio con los que carece de relación alguna. Es decir, los impugna en ejercicio de la acción pública en materia de urbanismo.

La sentencia apelada, con apoyo de la STS de 17.02.2015 que transcribe, considera que la acción pública en materia de urbanismo (art. 4.f del TRLS/2008 (RCL 2008, 1260)) otorga legitimación a la empresa recurrente, también para impugnar los acuerdos que afecten a otros ámbitos de gestión distintos del suyo.

Aun admitiendo que la extensión y alcance de la acción pública en materia de urbanismo no es muy precisa en cuanto a qué actos se enmarcan dentro del urbanismo y cuáles no, entendemos que el criterio delimitador debe partir de la premisa que la acción pública encuentra su justificación en facilitar y generalizar los mecanismos de control de la actuación pública en orden a la preservación del ordenamiento urbanístico para con ello procurar la correcta observancia de la Legislación urbanística, así como de los Planes y demás disposiciones urbanísticas. Todo ello a partir del criterio que el debido respeto a las normas urbanísticas interesa a todos, pues la ordenación y ejecución urbanística se traducirá en actos materiales de transformación del suelo que sobrepasan el interés particular del propietario de dicho suelo, afectando al conjunto de la comunidad.

(...)

Si prescindimos de los motivos por los que se impugna el Proyecto de Reparcelación y de fijación de cuotas y atendemos a la naturaleza del acto, que es lo que en propiedad marca el ámbito de la acción pública, también podemos advertir que dicha actuación no afecta a la ordenación urbanística sino al mecanismo equidistributivo de los costes de la urbanización, lo que implica una decisión de carácter puramente económica que afecta exclusivamente a los propietarios del ámbito de gestión. No se advierte interés público urbanístico -que es el que fundamenta la acción pública- en que las cuotas resultantes a pagar por los propietarios de un polígono sean unas u otras.

Una vez que el Plan ya ha fijado el sistema de gestión por cooperación, y que es procedente la aprobación de un Proyecto de Reparcelación, su contenido (determinación de las obras a realizar y la distribución de su coste entre los propietarios) afecta exclusivamente a los propietarios del ámbito sin que se advierta un interés público urbanístico general en que el importe de las cuotas resultantes sean unas distintas de las fijadas por el Ayuntamiento.

En este sentido, la sentencia del TS de 12 de mayo de 2010 (RJ 2010, 4965) (ROJ: STS



3229/2010 - ECLI:ES: TS:2010:3229 recurso: 7692/2005) confirmó la sentencia de fecha 5 de septiembre de 2005 (JUR 2006, 4199), dictada por la Sala de lo Contencioso -Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de la Comunidad de Valenciana que en su Fundamento Jurídico Octavo había emitido el siguiente pronunciamiento en recurso interpuesto contra aprobación definitiva de un Proyecto de Reparcelación "En cuanto a las alegaciones que formula referidas a la reparcelación, no refiriéndose a parcelas o derechos propios, carece de interés en ello, pues aún tratándose de materia de urbanismo, no rige en materia de reparcelación el criterio de la acción pública, sino el de legitimación por el interés, dado que lo que se ventila son cuestiones puramente privadas y patrimoniales que no afectan al interés general". Pronunciamiento que el Tribunal Supremo confirma argumentando que " OCTAVO.-La omisión del aducido incumplimiento por la Administración demandada del Reglamento de Gestión Urbanística (RCL 1979, 319), al haberse invocado genéricamente, no podemos saber si se refiere al incumplimiento denunciado en la demanda del artículo 71.3º del Reglamento de Gestión Urbanística, regulador del modo de adjudicar las parcelas resultantes, pero, si así fuese, el Tribunal a quo examina tal defecto en el fundamento octavo de su sentencia para abstenerse del análisis de tal cuestión por entender que la demandante carece de interés y, por tanto, de legitimación para discutir la forma de llevar a cabo la reparcelación" . Es decir, se confirma el criterio de la falta de legitimación por quien no tiene interés. Por tanto, no hay acción pública en la materia.

(...)

De acuerdo con lo expuesto, únicamente cabría apreciar legitimación activa en casos de impugnación de instrumentos de gestión urbanística, como es el Proyecto de Equidistribución, cuando el recurrente sea susceptible de verse afectado por tal instrumento en su condición de titular de algún interés legítimo, lo que no acontece en el presente caso, ya que el inmueble del que es propietaria la recurrente y que cita en su escrito, se encuentra situado fuera del área de reparto sobre el que se ha tramitado y aprobado el Proyecto de equidistribución.

Lo anterior determina la procedencia de la directa inadmisión del recurso de reposición que nos ocupa.

No obstante, sin perjuicio de lo anterior y aun obviando la falta de legitimación de la recurrente para impugnar el Proyecto de equidistribución, en el siguiente motivo se verá que tampoco examinando el fondo del asunto es posible estimar el recurso.

Tercero. Subsidiariamente, sobre la procedencia de la íntegra desestimación del recurso de reposición interpuesto contra el Proyecto de equidistribución.

Como ya se avanzó, los motivos de impugnación del Proyecto de equidistribución que invoca la recurrente para oponerse a este instrumento de gestión urbanística, se basan única y exclusivamente en la supuesta nulidad de pleno derecho de la Modificación Puntual de la que trae causa.

Esta Modificación Puntual fue aprobada definitivamente el 23 de julio de 2021 y devino firme y ejecutiva tras su publicación, al no haber sido impugnada ni en vía administrativa ni en vía judicial, ni por la recurrente ni por cualquier otra persona. La aprobación del Proyecto de equidistribución no es el cauce adecuado para cuestionar el contenido de la Modificación

Puntual, resultando manifestamente deficiente la articulación del presente recurso.

En todo caso, señalar que nos encontramos ante una Modificación Puntual que ha sido tramitada respetando todas las determinaciones legales y que ha sido informada favorablemente por todas las Administraciones públicas competentes afectadas, sin que por parte de la recurrente se haya desvirtuado su contenido, toda vez que se ha limitado a realizar manifestaciones genéricas sobre supuestos incumplimientos, sin citar los preceptos legales que se habrían infringido o llegando a realizar afirmaciones tan sorprendentes como que dicha Modificación Puntual no distingue entre el suelo urbano consolidado y no consolidado, cuando una simple lectura de la misma permite corroborar que esto no es así.

Es por ello que, aun para el supuesto de que se admitiese el recurso interpuesto -aun cuando la recurrente carece de legitimación- igualmente procedería la desestimación del mismo, de acuerdo con lo ahora expuesto. (..).

V.- A Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reintroduciu o recurso de reposición no noso ordenamento xurídico, de carácter potestativo no seu art. 116, hoxe artigo 123 da LPACAP. O recurso de reposición resolverase polo mesmo órgano que ditou o acto recorrido, que pode confirmar o acto, desestimando o recurso, ou revogalo total ou parcialmente mediante un acto contrario imperio.

VI.- A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de goberno local en virtude do preceptuado no artigo 127 da LRBRL, a proposta do Consello da XMU (artigo 10º dos Estatutos da XMU).

PROPOSTA

Polo exposto, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse a Xunta de Goberno Local, se o estima procedente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto no Rexistro do Edificio Administrativo de Vigo da Xunta de Galicia, con data do 28.06.2022 (número 2022/1684956) por D^a Iría Díaz López, fronte ao acordo adoptado pola Xunta de goberno local na sesión ordinaria que tivo lugar o 12.05.2022 no que, entre outros pronunciamentos, acordou,(...) *Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao proxecto de equidistribución nomeado “Proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da Área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura,” redactado polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez,(colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de Galicia) con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura -formulado e inicialmente aprobado con data do 26.01.2022, pola propietaria única dos terreos -segundo certificación asinada, por D. David Ventoso Rañón en representación da entidade Barrio do Cura, SLU, na súa cualidade de administrador solidario-, para a execución xurídica e desenvolvemento do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, coa*



Concello de Vigo

ordenación detallada que foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 23 de xullo de 2021, e publicada no DOG núm.160 do 20 de agosto de 2021, e normativa e ordenanzas no BOP núm. 217 do 11 de novembro de 2021, dunha superficie de 12.002,04 m², con base ao sinalado nos antecedentes de feitos e fundamentación xurídica da presente.

Segundo.- Notificar o presente acordo á recorrente na forma legalmente prevista, con indicación que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da Xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo das accións legais que estimen pertinentes.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(890).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dezasete minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez